

SISTEMAS ECONÓMICOS

É a forma en que unha sociedade organiza a **actividade económica**.

O sistema económico serve para determinar qué axentes e en qué condicións poderán adoptar decisións económicas.

¡ORGANIZÁMONOS!



Nas relacións económicas que interveñen persoas e organizacións de todo o mundo

Lembra que:

A **actividade económica** consiste nas actividades de **producción** (obtención de bens e servizos), de **distribución** (como se reparten os bens e servizos) e de **consumo**; co fin de satisfacer as necesidades humanas.

SISTEMAS ECONÓMICOS

Os sistemas económicos son a forma como se organiza unha sociedade para resolver os tres problemas económicos fundamentais: **que** producir, **como** producir e **para quen** producir.



SISTEMAS ECONÓMICOS

Hai tres problemas a resolver por toda sociedade:

¿Que e canto producir?



¿Canóns ou manteiga?

¿Que bens e servizos se producirán e en que cantidade?

Dependerá das necesidades de cada sociedade e dos seus recursos dispoñibles.

Por exemplo: ¿coches de gama alta ou baratos?, ¿máis produtos agrícolas ou máis produtos industriais?, ¿máis bens de consumo ou máis bens de capital?

¿Como producir?



¿Con que recursos e con que tecnoloxía?

Trátase de facer un uso eficiente dos recursos dispoñibles para obter a maior produción posible coa cantidade menor de recursos.

¿Que papel terá o factor traballo?, ¿empresas privadas ou públicas?, ¿como se vai xerar a electricidade?, ¿sistema produtivo contaminante ou máis ecolóxico?...

¿Para quen producir?



¿A quen van ir dirixidos eses bens e servizos?

Haberá que preguntarse se todo o mundo vai ter acceso aos bens, unicamente quen poida pagalos ou se se garantirá un consumo mínimo aos máis necesitados.

SISTEMAS ECONÓMICOS: Tipos na actualidade



O sistema de **economía mixta** intenta combinar as virtudes do sistema capitalista e do socialista mediante a **intervención do estado na economía**.

Características	Sistemas		
	De Mercado	De Planificación	Mixtos
Propietarios dos medios de produción	Empresas e familias	Estado	Empresas, familias e estado
Decisións económicas	O mercado (empresas e familias)	Estado	Empresas e familias coa intervención do estado
Funcións de estado	Garantir o libre funcionamento do mercado	Dirixir a economía totalmente	Corrixir os fallos do mercado